

## ECOS DOS VENDIDOS:

No mes de decembro, o Ministro de Traballo, Valeriano Gómez dixo:

**“Podríamos llegar a un Acuerdo sobre la base de 38 años para jubilarse a los 65 años.”**

Un mes despois pactan 38 anos e medio.

A principios de xaneiro os líderes de UGT e CCOO dixeron:

**“El Gobierno quiere cruzar la línea roja con la jubilación a los 67 años. Si lo hace tendrá problemas.”**

Estiveron un mes negociando para venderse máis barato. Os traballadores e traballadoras son os que lles dan poder a estes sindicatos, afiliándose e presentándose como representantes sindicais por eles. Non colabores no teu propio prexuízo.



# 10 DE MARZO

## DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA



Confederación Intersindical Galega

# CONTRA AS REFORMAS DO CAPITAL MOBILIZACIÓN



ACUERDO  
SOCIAL Y  
ECONÓMICO

O acordo asinado entre o goberno, patronal e sindicatos compromete máis reformas que as das pensións.

Acordan desmobilizar a clase traballadora para que o goberno siga facendo reformas a favor do capital nun contexto pacificado, sen oposición social.

No acordo non modifican a anterior reforma laboral. Reducen as pensións. Promoven a contratación masiva parcial e precaria sen custes de Seguridade Social ás empresas. Inician a reforma da negociación colectiva para centralizala en Madrid e que a clase traballadora non poida decidir sobre os seus Convenios. Pero, contrariamente, non reforman o sistema fiscal para as grandes fortunas, os paraísos fiscais e a inmensa fraude dos beneficios empresariais.

O 10 de Marzo de 1972 a clase traballadora galega loitou contra a ditadura, con centos de detidos, feridos e dous mortos (Amador e Daniel), conseguindo que os convenios se negociasen aquí, vencendo ao sindicalismo vertical. Agora UGT e CCOO retroceden os nosos dereitos 39 anos.

**Antes o réxime tiña un sindicato vertical, agora ten dous: UGT e CCOO.**

## OS DATOS DA REFORMA DAS PENSIONES

### Retrasa a idade de xubilación aos 67 anos

Unicamente poderán xubilarse aos 65 anos as persoas que teñan 38 anos e 6 meses de cotización; o que significa traballar desde os 26 anos sen interrupción.

### Dificulta a xubilación anticipada

Retrasa a idade mínima de xubilación dos 61 aos 63 anos

**Esixe ter 33 anos cotizados**

Establece un coeficiente redutor do 7'5% por cada ano de anticipo

**Elimina os complementos de mínimos**

Impide que as persoas que non cobren unha pensión superior á mínima podan xubilarse anticipadamente

**Somentes en supostos de crise (despedimentos por causas económicas) mantén a idade nos 61 anos cunha redución da pensión do 45% e do 30% si ten dereito a xubilarse aos 65 anos.**

Desaparece a xubilación especial aos 64 anos

### Elimina na práctica a xubilación parcial con contrato de relevo

Obriga á empresa, á persoa xubilada parcial e ao contratado en relevo a pagar o 100% das cotizacións á Seguridade Social. Isto significa unha grave perda económica para a persoa traballadora e o dobre da cotización que até agora para as empresas. Cantas empresas estarán dispostas a asumir este dobre custe?

### Reduce a cuantía das pensións

Aumenta o período de cálculo da pensión dos 15 aos 25 últimos anos traballados

**Aumenta de 35 a 37 os anos de cotización esixidos para cobrar o 100% da pensión. Isto significa reducir a pensión que se asigna por cada ano cotizado**

Contabiliza, para as persoas que teñan menos de 25 anos cotizados, os anos que faltan computando para os dous primeiros anos a base mínima de cotización e os restantes coa metade da base mínima. Por tanto unha pensión miserable.

### Introduce mecanismos para empobrecer as pensións no futuro

A partir do ano 2027 o sistema público de pensións será revisado de forma automática cada 5 anos para adaptalo, entre outros factores, á evolución da esperanza de vida.

➔ **MIRANO INTERIOREVERÁS  
CANTO PERDEMOS COA  
REFORMA DAS PENSIONES**



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

## ECOS DOS VENDIDOS:

No mes de decembro, o Ministro de Traballo, Valeriano Gómez dixo:

**“Podríamos llegar a un Acuerdo sobre la base de 38 años para jubilarse a los 65 años.”**

Un mes despois pactan 38 anos e medio.

A principios de xaneiro os líderes de UGT e CCOO dixeron:

**“El Gobierno quiere cruzar la línea roja con la jubilación a los 67 años. Si lo hace tendrá problemas.”**

Estiveron un mes negociando para venderse máis barato. Os traballadores e traballadoras son os que lles dan poder a estes sindicatos, afiliándose e presentándose como representantes sindicais por eles. Non colabores no teu propio prexuízo.



# 10 DE MARZO

## DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA



Confederación Intersindical Galega

# CONTRA AS REFORMAS DO CAPITAL MOBILIZACIÓN



## OS DATOS DA REFORMA DAS PENSÍONS

### Retrasa a idade de xubilación aos 67 anos

Unicamente poderán xubilarse aos 65 anos as persoas que teñan 38 anos e 6 meses de cotización; o que significa traballar desde os 26 anos sen interrupción.

### Dificulta a xubilación anticipada

Retrasa a idade mínima de xubilación dos 61 aos 63 anos

**Esixe ter 33 anos cotizados**

Establece un coeficiente reductor do 7'5% por cada ano de anticipo

**Elimina os complementos de mínimos**

Impide que as persoas que non cobren unha pensión superior á mínima podan xubilarse anticipadamente

**Somentes en supostos de crise (despedimentos por causas económicas) mantén a idade nos 61 anos cunha redución da pensión do 45% e do 30% si ten dereito a xubilarse aos 65 anos.**

Desaparece a xubilación especial aos 64 anos

### Elimina na práctica a xubilación parcial con contrato de relevo

Obriga á empresa, á persoa xubilada parcial e ao contratado en relevo a pagar o 100% das cotizacións á Seguridade Social. Isto significa unha grave perda económica para a persoa traballadora e o dobre da cotización que até agora para as empresas. Cantas empresas estarán dispostas a asumir este dobre custe?

### Reduce a cuantía das pensións

Aumenta o período de cálculo da pensión dos 15 aos 25 últimos anos traballados

**Aumenta de 35 a 37 os anos de cotización esixidos para cobrar o 100% da pensión. Isto significa reducir a pensión que se asigna por cada ano cotizado**

Contabiliza, para as persoas que teñan menos de 25 anos cotizados, os anos que faltan computando para os dous primeiros anos a base mínima de cotización e os restantes coa metade da base mínima. Por tanto unha pensión miserable.

### Introduce mecanismos para empobrecer as pensións no futuro

A partir do ano 2027 o sistema público de pensións será revisado de forma automática cada 5 anos para adaptalo, entre outros factores, á evolución da esperanza de vida.



O acordo asinado entre o goberno, patronal e sindicatos compromete máis reformas que as das pensións.

Acordan desmobilizar a clase traballadora para que o goberno siga facendo reformas a favor do capital nun contexto pacificado, sen oposición social.

No acordo non modifican a anterior reforma laboral. Reducen as pensións. Promoven a contratación masiva parcial e precaria sen custes de Seguridade Social ás empresas. Inician a reforma da negociación colectiva para centralizala en Madrid e que a clase traballadora non poida decidir sobre os seus Convenios. Pero, contrariamente, non reforman o sistema fiscal para as grandes fortunas, os paraísos fiscais e a inmensa fraude dos beneficios empresariais.

O 10 de Marzo de 1972 a clase traballadora galega loitou contra a ditadura, con centos de detidos, feridos e dous mortos (Amador e Daniel), conseguindo que os convenios se negociasen aquí, vencendo ao sindicalismo vertical. Agora UGT e CCOO retroceden os nosos dereitos 39 anos.

**Antes o réxime tiña un sindicato vertical, agora ten dous: UGT e CCOO.**

➔ **MIRANO INTERIOREVERÁS  
CANTO PERDEMOS COA  
REFORMA DAS PENSÍONS**



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com



# EXEMPLOS PRÁCTICOS DO QUE PERDEREMOS COA REFORMA

(Esta información foi elaborada sobre o anteproxecto de Lei do 3 de febreiro en base ao Acordo asinado por goberno, patronal e UGT e CCOO )

**Manel** [soldador do naval], **Xosé Lois** [traballador do automóbil]

61 anos. 35 anos de cotización.  
Base reguladora de 1.500€

## antes da reforma

Pode xubilarse anticipadamente con 61 anos e cobrar unha pensión de 1.080€ mensuais.

## despois da reforma

Terá que xubilarse aos 63 anos e cobrar unha pensión de 945€ mensuais.

Perde 135 euros ao mes; 1.890€ anuais e ten que traballar dous anos máis.

**Pilar** [traballadora da conserva], **Aurora** [limpadora], **Begoña** [camareira]

61 anos. Con cónxuxe a cargo. 30 anos cotizados.  
Base reguladora de 900€

## antes da reforma

Ten dereito a xubilarse anticipadamente aos 61 anos e cobrar unha pensión de 695'40€ até os 65 anos e despois cobrará 742€ mensuais.

## despois da reforma

Para xubilarse anticipadamente ten que ter 33 anos cotizados, o que significa traballar até os 64 anos para cobrar unha pensión de 572'54€ mensuais. Pero esta cantidade é inferior a pensión mínima e non pode xubilarse de modo anticipado. Ten que traballar até os 67 anos. Cantas miles de persoas estarán afectadas agora por unha situación similar?

**María** [caixeira de supermercado]

65 anos. 25 anos de cotización.  
Base reguladora de 1.000€

## antes da reforma

Pode xubilarse aos 65 anos e cobrar unha pensión de 800€ mensuais

## despois da reforma

Terá que xubilarse aos 67 anos, con 27 anos cotizados e cunha pensión de 693'18€ mensuais.

Perde 106'82€ ao mes, 1.495'48€ ao ano e ten que traballar dous anos máis.

**Adolfo** [traballador da construción]

63 anos. 40 anos cotizados.  
Base reguladora de 1.250€

## antes da reforma

Ten dereito a xubilarse aos 63 anos anticipadamente e cobrar unha pensión de 1.100€ mensuais.

## coa reforma

Poderá xubilarse aos 63 anos e cobrar unha pensión de 956'25€ mensuais.

Perde 143'75€ ao mes; 2.012'50€ anuais.

**Sabela** [empregada de banca]

65 anos. 33 anos cotizados.  
Base reguladora de 2.000€

## antes da reforma

Ten dereito a xubilarse e cobrar unha pensión de 1.920€ mensuais.

## despois da reforma

Se quere xubilarse aos 65 anos ten que facelo de modo anticipado e cobrar unha pensión de 1.544'96 euros mensuais.

Perde 543'31€ ao mes; 7.606'34€ anuais.

Se traballa dous anos máis ten dereito a unha pensión de 1.697'40€ mensuais.

Perde 222'60€ ao mes; 3.116'40€ anuais e ten que traballar dous anos máis.

\*Estas reducións danse porque o acordo amplía de 15 a 25 anos o período de cálculo, porque aumenta os anos necesarios que se deben ter cotizados e porque penaliza máis cada ano que falta até chegar aos 67.

\*En traballos duros, moitas persoas de máis de 50 anos que non resistan, teñan problema físicos ou sexan despedidas para substituílos por emprego precario parcial, non poderán xubilarse ata os 67 anos. Mentres, so poderán cobrar a axuda asistencial mínima.

\* No acordo, ademais, UGT e CCOO pactan un modelo de contratación a tempo parcial no que as empresas non cotizarán á Seguridade Social. Utilizarán estes contratos para despedir as persoas maiores, máis fácil agora coa reforma laboral de setembro e substituílos polos novos precarios.

**Manolo** [mecánico]

61 anos. 30 anos de cotización.  
Base reguladora de 1.300€

## antes da reforma

Pacta coa empresa unha xubilación parcial aos 61 anos, reduce a súa xornada un 85% e cobra o 100% do seu salario até os 65 anos, entón, comezará a cobrar unha pensión de 1.274€ mensuais.

## despois da reforma

A empresa non acepta a xubilación parcial porque non esta disposta a pagar o 100% das cotización á Seguridade Social de Manolo que ademais tería que traballar coa xornada reducida até os 67 anos. Para optar a unha xubilación anticipada é necesario ter 33 anos cotizados, polo que ten que traballar até os 64 anos de idade e a súa pensión será de 906'55€ mensuais.

Ten que traballar 3 anos máis e perde 367'45€ ao mes; 5.144'30€ anuais.

## CONTRA O PACTO SOCIAL EN DEFENSA DAS PENSIÓNS E DO EMPREGO DIGNO

## 10 DE MARZO MANIFESTACIÓNS:

**VIGO: 20:00H DESDE VÍA NORTE**

**FERROL: 20:00H DESDE A AVENIDA DE ESTEIRO  
(LOCAL DA CIG)**